**Expediente número: PLN/2020/1**

# ACTA

**Sesión Ordinaria 1/2020 celebrada polo**

**Pleno do Concello o día 30 de xaneiro de 2020**

## ORDE DO DÍA

## PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 17/2019 do 19/12/2019**
2. **Aprobación Definitiva da Rectificación do Inventario Municipal de Bens (ano 2019)**

## PARTE DE CONTROL

**3. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 42/2019.TC18/19, MC 43/2019.GC15/19, MC 44/2019.TC19/19 e MC 01/2020.TC01/20**

**4. Actividades de control do pleno.**

**4 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

**4 . 2 Mocións.**

**4 . 3 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2020/0172 de data 27 de xaneiro de 2020, e sendo as vinte horas do 30 de xaneiro de 2020 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

María Ángeles García Villaverde (1 para 2)
Secretaria Xeral
Data de Sinatura: 10/08/2020
HASH: e4c96ea343466764f554de9201ba64d2

Digna Rosa Rivas Gómez (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 10/08/2020
HASH: 779ff0374275 97e54ebeb7008907042

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 33

**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE REDONDELA (PP)**

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE)**

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

**GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 33

**GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE REDONDELA (BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, Mª Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero. A Alcaldesa fai mención expresa ao acontecido na cidade de Lugo.

2) Faise un receso ás 22:00 horas. Retomase o Pleno ás 22:26 horas.

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 17/2019 do 19/12/2019**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 17/2019 do 19/12/2019.

INTERVENCIÓNS:

Sr. González, di que na súa intervencións na moción do PP referida a estrada EP 2906, na súa intervención onde di: *"Que en Chapela os coches corren como queren"*, non é en Chapela, debe dicir: *"Que en Vilar os coches corren como queren"*.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, coa modificación proposta polo PP, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 33

**2. Aprobación Definitiva da Rectificación do Inventario Municipal de Bens (ano 2019)**

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio de data 24/01/2020, que di:

“Pola Presidencia dáse conta da proposta do concelleiro delegado de data 22.01.2020, do seguinte tenor:

"APROBACIÓN DEFINITIVA DA RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DO CONCELLO DE REDONDELA (2019)

Considerando que en data 22.10.2019 se iniciou mediante proposta de esta Concellería a tramitación do expediente administrativo para a aprobación inicial da rectificación do inventario municipal de bens do ano 2019, do que podemos sinalar os seguintes antecedentes:

Consta informe da Aparelladora municipal de 22.10.2019 e informe de Secretaría da mesma data.

A aprobación inicial da rectificación do inventario foi acordada en sesión ordinaria de 31 de outubro de 2019. En dito acordo se prevé o sometemento a información pública por prazo de 20 días hábiles, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos municipal.

O acordo foi publicado no Bop de Pontevedra nº 225 de 22 de novembro de 2019. Igualmente obra xustificante da publicación no taboleiro municipal dende o 22 de novembro ata o 24 de decembro de 2019.

Obra certificado da funcionaria responsable do rexistro de non ter recibido alegacións durante o prazo de información pública, de data 16 de xaneiro de 2020.

Non obstante, de oficio e mediante informe da Aparelladora municipal de 19 de decembro de 2019 se advirten dunha serie de erros atopados durante o período de información pública e que deben ser rectificados de oficio. Dito informe foi confirmado por outro de data 22 de xaneiro de 2020, tras ter incorporado á documentación técnica os anteriores erros detectados, pola empresa contratada para a elaboración da rectificación do inventario.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 33

Procede con carácter previo á sesión plenaria, ditaminar o asunto pola Comisión Informativa de Interior, transición enerxética e patrimonio.

Se propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO,

PRIMEIRO. Estimar as alegacións aportadas de oficio pola administración municipal expostas no informe da Aparelladora municipal de data 19 de decembro de 2019, sendo as seguintes:-Modificar o nome do camiño correspondente o número de orde de inventario 4539 e número de grupo 1064, camiño da Briza segundo o vixente IMB, cando a denominación correcta é "Camiño da Driza".

-Falta de sinalamento (grafiado) na aplicación informática do terreo denominado "CANTERA Y PEPA ROSA" con número de orde de inventario 3366 e número de grupo 114.

-Incorporar no IMB do contrato de arrendamento do terreo denominado "Vía Verde" segundo o expediente administrativo 2916/2017.

-Recoller a franxa de cesión nos terreos derivados da licenza de obra núm. 29/08 outorgada por Resolución de Alcaldía de data 15.02.2008, segundo escritura do notario D. Fernando Olmedo Castañeda núm. 2272 de data 19.12.2007.

-Incluír no IMB as concesións administrativas relativas á "Pista de Skate" e a do "Aparcadoiro" sitos na zona da Marisma de Redondela (Concesión de Costas do Estado)

-Modificación e ampliación do trazado do camiño municipal inventariado denominado "Camiño da Carballeira " en Cedeira, co número de inventario 525 e número de orde de grupo 105.

-Retirar do IMB o ben denominado "Vivendas mestres antigo colexio R. Encinas" (núm. orden inventario 4077 e número de grupo 383) por estar en zona de dominio público marítimo terrestre á vista do expediente administrativo 403/2018 de "Desafectación terreos antigas vivendas mestres do dominio público marítimo-terrestre e cesión ao Concello de Redondela".

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos pertencentes ao Concello de Redondela entre ou período que abrangue ou mes de marzo do ano 2016 e outubro de 2019, incorporando as alegacións estimadas favorablemente.

TERCEIRO.- Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma"

INTERVENCIÓNS

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 33

.../...

VOTACIÓN E DITAME

A comisión informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 4 votos a favor (PSOE, PP, AER), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.""

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

**3. Dar Conta do Expediente de Modificación de Crédito MC 42/2019.TC18/19, MC 43/2019.GC15/19, MC 44/2019.TC19/19 e MC 01/2020.TC01/20**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 42/2019.TC18/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 254.135,60 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 20/12/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 43/2019.GC15/19 mediante a xeración de crédito por importe de 159.369,16 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 30/12/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 44/2019.TC19/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 570.779,00 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 31/12/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 01/2020.TC01/20 mediante a transferencia de crédito por importe de 526,52 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 24/01/2020

O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionado.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 33

## 4. Actividades de Control do Pleno.

### 4 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

### 4 . 2 Mocións.

### 4.2.1 Moción do BNG e AER asumida do sindicato CUT contra as políticas represivas da Empresa Urbaser contratada polo Concello de Redondela

ANTECEDENTES:

Moción do BNG e AER asumida do sindicato CUT contra as políticas represivas da Empresa Urbaser contratada polo Concello de Redondela, con entrada no Concello o día 22.01.2020 e 23/01/2020, con número 2020-E-RPLN-1 e 2020-E-RE-158 respectivamente que se transcribe a continuación:

“A CUT ven de demandar a URBASER por Vulneración de dereito Fundamental, recollido na Constitución Española, en referencia a liberdade sindical, despois de que ter sancionado, amoestado a varios dos afiliados a este sindicato, chegando finalmente a formalizar un despido disciplinario a o presidente de sección sindical.

URBASER SA, mantén contrato con este Concello, asinado polas partes no ano 2006, por unha duración de 20 anos.

O servizo contratado con URBASER é a recollida e pre-recollida dos Residuos Sólidos Urbanos, é un servizo inminentemente municipal, pese a que neste caso o Concello de Redondela se decidira pola xestión indirecta do mesmo. Xa que logo un servizo Publico, mais ala do tipo de xestión, comprende tres notas características:

- Actividade de prestación.
- Necesidades colectivas para a prestación.
- Esta asegurado ( dito servizo) por unha Entidade Local, ( o concello de Redondela neste caso) que asume a titularidade.

Xa que logo , no texto do propio tribunal supremo:

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 33

*“Todo servicio público, en cuanto que implica una actividad prestacionista del Estado u otro ente público, dirigida a proporcionar una utilidad a los particulares, sólo puede tener como titular activo a dichos entes públicos, y esa titularidad es claro que incluye entre sus facultades la de desarrollar, llevar a efecto, en definitiva gestionar, el correspondiente servicio, titularidad de gestión de la que, como de la propia titularidad del servicio, no puede desprenderse la Administración, sin que el mismo pierda su carácter, lo cual no impide que la gestión pueda desarrollarse de forma directa, indirecta o mixta, que en todo caso la Administración conserva dicha titularidad de gestión y, en consecuencia, la facultad de disponer, regular o modificar la prestación del servicio, como reconoce el Artículo 30 RSCL, de tal manera que, aunque se dé entrada a los particulares, a través de las distintas formas legalmente admitidas, a la prestación del servicio, subsiste en la Administración un poder de control y dirección inherente a su propia titularidad, que ejerce directamente sobre la gestión....”.*

(S.T.S. de 20 de junio de 1986)

É dicir, a titularidade é do excelentísimo Concello de Redondela e o mesmo decide xestionar indirectamente o mesmo, contratando coa empresa URBASER SA.

Dita titularidade, como non pode ser doutro xeito implica determinadas responsabilidades no servizo, responsabilidades legais e tamén responsabilidades políticas, para con o usuario e demandante da prestación e tamén para cos traballadores/as, pois o feito de destinar cartos públicos que son utilizados para xestionar o servizo, para pagar a ós traballadores/as e finalmente para xerar un beneficio para a Empresa, xa implica a esixencia de responsabilidade trasladada a empresa, e que o Concello debe controlar.

Vaia por diante que non pretendemos que os representantes públicos e políticos fagan o traballo da xustiza, mais ben, pretenderemos, como enunciaremos nas propostas de acordos, que fagan precisamente política e consecuentemente se posicionen publicamente a esas propostas.

O sindicato CUT, o longo da súa historia en URBASER, demandou e denunciou a empresa en multitude de ocasións, sobre todo en Redondela, no xulgado, en Inspección de Traballo, convocou distintas mobilizacións contra a mesma, para pedir convenio xusto, contra a represión dos seus delegados, convocou nesta localidade dúas folgas, sen que a última se levara a cabo por acordo in extremis, sacou notas de prensa, colocou multitude de pancartas, ademais de participar na vida activa política social de Redondela, etc.

De todo isto, a maiores das emereotecas, son coñecedores os representantes municipais, pois ademais de estar o tanto do que acontece na vida socio política

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 33

do concello, tamén se mantiveron distintas reunión cos mesmos o longo destes anos.

Nos últimos anos, libramos varios conflitos resoltos satisfactoriamente, un o propio convenio de Redondela e o outro cuxo ámbito de aplicación sobrepasou este concello, xa que logo afectou a tódolos concellos onde URBASER ten contratados servizos, e que por cuestión de nº, os traballadores/as non teñen dereito a negociación colectiva. Porén hai que dicir que para chegar a estes acordos o sindicato veuse abocado a demandar a empresa por distintas cuestións antes de que finalmente se puideran firmar eses acordos.

Polo que se desprende estes acordos foron levados a cabo grazas a forte presencia afiliativa e grazas a accións sindicais realizadas.

Mais unha vez pasado o tempo dos acordos, atopámonos con dous sancionados en Moaña, un en Vilaboa, un en Pazos de Borben un en Vilaboa, un en Redondela, e un despedido en Varios Pontevedra, todos son afiliados/as a este sindicato, a empresa ten coñecemento da súa afiliación, por que desconta por nómina a cota sindical, un destes e compañeiros é Presidente de sección sindical de Moaña, outro é o Secretario Nacional de Acción Sindical da CUT ademais de ser o ata o mes de xuño do 2019, representante dos traballadores/as de Redondela, o despedido é o Presidente da sección sindical CUT-PONTEVEDRA, feitos que están rexistrados na OPR, (Oficina Pública de Rexistro da Xunta de Galicia), así como na propia empresa.

Por estas sancións, polas coincidencias demasiado reiteradas, polas conclusións o respecto e polas propias acusacións vertidas a os traballadores/as, o sindicato decidiu acudir a xustiza, ademais de para solucionar caso a caso, para demandar a empresa por Vulneración de dereitos fundamentais.

É acaído lembrar a gravidade que ten a Vulneración de dereitos fundamentais nun estado de dereito, pois non son tantos os dereitos fundamentais contemplados na Constitución Española, e os que se recollen, adquiren unha condición de especial garantía para o conxunto dos cidadáns do Estado Español.

Así a todo, non será a primeira vez que unha empresa vulnere tales dereitos, porén parece moito mais grave que o faga unha empresa que traballa para administración.

E por isto que, aínda contemplando o beneficio da dúbida razoable, en ambas partes, entendendo a gravidade do asunto, dende os todo punto de vista, a CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORAS, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 33

1. O Pleno da Corporación posiciónase en contra de calquera manifestación de represión sindical, en todas aquelas empresas que presten servizos directa ou indirectamente ao Concello de Redondela.

2. Que o Pleno da Corporación, en aras a solución do conflito, se sume a petición de readmisión do traballador despedido, así como a retirada das sancións impostas.

3. Instar á alcaldesa-presidenta do Concello de Redondela, a actuar de mediadora entre a empresa concesionaria da recollida de residuos sólidos urbáns, URBASER, e os representantes sindicais para chegar a unha solución deste conflito.

4. Que o Pleno da Corporación GARANTA Recoller entre un dos puntos de valoración nos procesos de selección da diversas concesións de servizos, sentenzas xudiciais nas que se recolla a vulneración dos dereitos laborais de traballadoras e traballadores, penalizando as mesmas por isto.

5. Que o Pleno da Corporación, traslade ditos acordos ás corporacións locais dos diferentes concellos do noso entorno nos que a empresa URBASER, sexa concesionaria do servizo de recollida de lixo."

INTERVENCIÓNS:

Aclara a sra. Alcaldesa que se trata dunha moción do sindicato CUT que foi presentada polo BNG e tamén por AER.

O sr. González resume o texto da moción.

O sr. Villar expón que a moción deriva da mobilización do sindicato fai uns meses. Que se reuniron coa Alcaldesa e el mesmo, cos representantes sindicais. Se instou a empresa a dialogar e non chegar a esta situación xudicial. Despois esta moción que lles trasladaron os sindicatos se presentou no rexistro do Concello coa idea de que a apoiaran todos os grupos e ao final a presentou un grupo sen consultar cos demais. Non pretendemos suplir os grupos políticos a xustiza senón facer un traballo político, manifestando o apoio e propón que nas seguintes concesións se inclúan cláusulas para a protección dos traballadores nesta situación.

Está presentado no Xulgado como unha violación dos dereitos fundamentais dos traballadores, para rematar este turno, recorda unha canción de Evaristo, de A Polla Records, e Gatillazo, "*un trabajo de mierda, una casa pequeña, un amor aplastado por impuestos y deudas, unos niños preciosos aprendiendo en la escuela, la vida de los esclavos del siglo XXI*", porque a precariedade laboral

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 33

pode ser a escravitude do século XXI e todo o mundo ten dereito a ter un traballo digno e a ser respectado na empresa e no seu que facer diario.

A sra. Castro di que a presentación da moción é moi importante para estas traballadoras e traballadores, que se trata dun servizo público cunha empresa externa, unha concesión administrativa mediante xestión indirecta e polo tanto é responsabilidade municipal e é imprescindible que as empresas cumpran a lei e respecten os dereitos dos traballadores/as. O dereito sindical é recoñecido na Constitución, e este equipo como ente público non pode máis que apoiar esta moción na defensa dos dereitos fundamentais que recolle a Constitución.

A sra. Amoedo expón que lle sorprende a pasividade ante esta situación, primeiro se mantén unha xuntanza entre a Alcaldesa e o concelleiro de medio ambiente, despois se reúne coa empresa unicamente o Concelleiro, a Alcaldesa pasa de puntillas. Se estraña que a estas alturas non se lle pedise a empresa por escrito a resolución de esta situación. Non entenden por que AER que tanto demandaba a Comisión de seguimento de servizos privatizados, non a teña xa convocada. A empresa ten que cumprir coa normativa. Son vostedes un goberno socialista pero pouco fixeron ao respecto.

O sr. González aclara sobre o xeito de presentar a moción, houbo varios contactos coa CUT, houbo varias xuntanzas a que solo acudimos Yésica e eu. Tamén a unha manifestación solo acudiu a miña compañeira. Cando presentou a CUT a moción e pasaron catro ou cinco días e o equipo de goberno non contactou e por iso presentaron a moción e que están lexitimados para elo.

Que é unha empresa que presta servizos en todo o territorio español, esto lle pode afectar moitísimo terá moita repercusión e é un toque de atención para todas aquelas empresas que represalían aos seus traballadoras por razóns sindicais ou laborais.

Por iso hai que traer ao pleno esta moción, para apoiar os lexítimos dereitos dos traballadores, polos 21 concelleiros e pide a unanimidade

O sr. Villar contesta que o PP lle pide ao Concelleiro de Medio Ambiente que faga de xuíz, e iso sería un problema antidemocrático.

Houbo conversacións cos traballadores de Urbaser incluso esta semana. Noutros concellos houbo sancións e ao mellor tamén aquí deberá habelas porque esta empresa é un desastre.

Están traballando neste asunto pero non se pode impoñer, non se pode facer de xuíz. O representante de Urbaser non entra en razón e manifesta que isto se vai a resolver no xulgado.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 33

A sra. Castro di que algunhas empresas se aproveitan da reforma laboral do Sr. Rajoy. O xulgado terá que decidir a cuestión, non somos nós. Estes traballadores están no seu pleno dereito de presentar esta moción, e mostra a súa sorpresa polo comentario da Sra. Amoedo de que non fixeran nada. Durante anos que esta empresa tivera 12 traballadores cando os pregos obrigan a ter 18, ata o punto de que máis de un ano un servizo básico como a limpeza dos contedores estiveron sen limpar. Este goberno está estudando estes contratos e vai facer que se cumpran todos estes puntos.

A sra. Amoedo contesta ao Sr. Villar, pensa que nos vai a abrandar o corazón con as súas citas. A Alcaldesa, fai dous meses que sabe deste tema e non fixeron nada, agora sae a Sra. Castro coa limpeza dos contedores ao mesmo nivel que a defensa dos dereitos fundamentais. En sete meses non se lle esixiu a empresa por escrito e non foron quen de convocar a comisión de seguimento dos contratos. Seis persoas cunha dedicación importante e non foron quen de xuntar aos voceiros para presentar esta moción conxuntamente. Non fan absolutamente nada, a mostra é esta moción. O contrato de Urbaser co concello ven do ano 2007, gobernando PSOE e BNG naquel momento.

O sr. González, di que o PP se por algo se caracterizou foi porque as concesionarias fixeron en Redondela o que lle deu a gana. O PP foi creado por estas empresas para entrar nas Administracións Públicas. A estas empresas hai que atalas en corto. O Concello é o patrón e pode ter a posibilidade de apretar e as empresas teñen que negociar pero pensando que o que se negocia é xusto. Non son traballadores directos do concello pero teñen uns dereitos que debemos preservar e que as empresas no futuro se conculcan os dereitos dos traballadores se lle vai penalizar.

A sra. Alcaldesa di que estarán aí para protexer os dereitos dos traballadores.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, aprobouse, por unanimidade, dos concelleiros presentes, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 33

**4.2.2 Moción de PP relativa ao Aboamento da Débeda do Estado.**

ANTECEDENTES:

Moción do PP relativa ao Aboamento da Débeda do Estado, con entrada no Concello o día 23.01.2020 con número 2020-E-RE-160 que se transcribe a continuación:

"A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acredora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 33

permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Redondela, presenta para a súa aprobación os seguintes acordos:

1. “Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2. Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo lee a moción. É unha cuestión que todos debemos defender e esperan contar co apoio de todos os grupos.

O sr. González, di que a moción toca un tema de grande importancia para o BNG, como é a xestión propia dos nosos recursos, que merecía un desenvolvemento máis profuso.

Agora Feijoo atopou un bo argumento para estar nos medios e reivindicarse como bo galeguista, é un presidente chorón porque en catro anos non reivindicou nada e agora se lle presenta esta cuestión e quere amosar unha actitude dialogante, para ter máis protagonismo nos medios de comunicación. Ten que darlle a razón a proposta presentada, xa en novembro polo BNG, de levar ao Xulgado ao Goberno do Estado, demandar na vía xudicial estes millóns que se lle adebedan a Galicia.

Hai máis de 4.500 millóns de euros que se xeran en Galicia pero o Estado o xestiona en Madrid. Somos un país rico pero estamos condicionados polas políticas estatais do PP e do PSOE.

Plantexan unha serie de emendas ao PP para reivindicar que estes cartos volvan para Galicia.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 33

A sra. Couñago, di que unha moción é puramente electoralista, pero sempre van a apoiar as mocións que beneficien a todos os galegos e por ende a todos os redondeláns.

Da lectura moción se desprende que Galicia está fatal, se fala de emerxencia financeira das Comunidades Autónomas, e o sr. Feijoo vai falando da boa situación financeira da comunidade. Van a apoiar para que non se recorte nas necesidades básicas da cidadanía.

Se reivindica o IVE do 2017 pero no 2018 non pasou nada? Non era necesario pedir eses cartos tampouco no 2019, esperamos ao 2020, non se sabe se antes non era necesario... Apoian a moción pero se ve que estamos en ano electoral.

O sr. Cabaleiro di que é unha moción cuestionable, os do PP non se queixaron nos anos anteriores. A vía xudicial como apuntan o BNG e o sr. Feijoo ten certos aspectos de riscos porque pode dicir o TC que o Estado ten razón en non poder abonar esta débeda en este momento. Apostamos sempre polo diálogo.

Ten que haber entendemento e diálogo, hai que buscar solucións novas, o que hai que ter e vontade e resolver a través de mesa de diálogo. O camiño da Xunta neste momento pode traer consecuencias graves.

O sr. Feijoo está utilizando esta cuestión como unha arma electoral

A sra. Amoedo contesta que o primeiro que ten que facer e pagar e despois negociamos. Fala vostede de sillóns e agora neste momento temos como exemplo o Consello de Ministros, con máis número de ministros da historia da democracia. En agosto de 2018 o sr. Feijoo xa advertiu deste problema no IVE a ministra polo cambio de normativa.

Temos que buscar todas as medidas necesarias, aínda que sexa a xudicial. Non ten nada que ver que cumpramos cos recortes, a proba son as medidas que a Xunta de Galicia puxo en marcha en materia social e de benestar das familias galegas.

O que está claro dende fai catro anos que o que fai e defender a Galicia, que nos den o que nos devolvan o que nos corresponde.

O sr. González lee as emendas que plantexan:

*“1º-Nos puntos 1 e 2 que nomeen a Redondela nos acordos*

*2º-Instar a Xunta de Galicia a iniciar canto antes a vía xudicial*

*3º-Demandar a derogación da normativa sobre estabilidade financeira así como de reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e dos*

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 33

*concellos; así como a inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos nomeadamente a sanidade.”*

Galicia ten recursos para ter autonomía financeira. Defendemos como BNG un cupo galego, pero ata este momento que haxa unha boa negociación co Estado da cuestión fiscal. Que o Estado lle dea máxima autonomía a Galicia. Montoro se quedou coa recadación no IVE nun mes.

Hai xente nova e ben preparada que tivo que emigrar. Hai que ter a oportunidade para negociar en Madrid o PP no tivo esta capacidade.

A Sra. Couñago di que si gobernan outras forzas non é un acto democrático, sigue dicindo que o Sr. Feijoo leva meses reclamando e antes fixo algo, reclamou, como reclamou? Antes solo falaba no tema de Urbaser de solicitar por escrito, pero so sr. Feijoo como o fixo, de palabra? Defende os intereses dos galegos, de palabra?

Fala dos galegos e eu son galega? Se trata de defender os intereses de todos e de todas.

O Sr. Cabaleiro expón que o goberno actual non é un goberno democrático, solo lle faltou dicir “España nos roba” o cambio de IVE do Sr. Montoro deu lugar a unha desviación que non foron quen de corrixir no 2018 e 2019, agora axitamos a capa porque esta é unha moción electoralista.

No 2019 tratamos como burla á sra. Montero acusando de contabilizar 13 meses, e o trataron de ridículo e vostedes foron quen provocaron esta situación. Hai comunidades que están pedindo estes cartos a crédito. Ve necesaria a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Propón a seguinte emenda:

*“1º-Suprimir o punto 1*

*2º-Modificar o punto 2 dicindo: Declarar o apoio de este Concello a reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira coa fin de poñer en marcha un novo sistema de financiamento autonómico”*

A sra. Alcaldesa que rematou o seu tempo e se pasou 5 segundos.

A Sra. Amoedo aclara que cando fala de galegos fala en xenérico, como é do PP lle molesta defender a moción, vostede solo defende os galegos de certa tendencia política, eu defendo a todos os galegos e pide que non lle digan como ten que falar. Levamos ano e medio mareando a perdiz no goberno de España, non podían pagar porque estaban en funcións e agora porque xa pasou o

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 33

tempo. Vostede pon por enriba os intereses de partido por enriba dos redondeláns. Primeiro se reparten os sillóns, non dan feito con eses gobernos pluriculturais. 170 millóns que nos teñen que pagar.

En relación as emendas do BNG, aceptase o punto 1º, non se aceptan o punto 2º nin 3º.

En relación as emendas do PSOE, non se aceptan ningunha modificación.

A sr. Alcaldesa, da gracias a todos e todas, porque a linguaxe inclusiva e moi importante crela e practicala.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor (09 do PP e 03 de AER) e 09 abstencións (07 do PSdeG-PSOE e 02 do BNG).

**4.2.3 Moción do BNG en Defensa do Mantemento da Expedición de Billetes na Estación da Portela-Redondela**

ANTECEDENTES:

Moción do BNG, en Defensa do Mantemento da Expedición de Billetes na Estación da Portela-Redondela, con entrada no Concello o día 22.01.2020 con número 2020-E-RPLN-2 que se transcribe a continuación:

“Nos derradeiros días ano 2019, difundiuse a través de diferentes medios de comunicación, as intencións de Renfe, de deixar de prestar o servizo de venda en billeteira, na estación da Portela en Redondela. A medida afectaba a outras estacións, en similares condicións, como a de Guillarei en Tui, Ribadavia, Carballiño, Sarria,... Dita iniciativa, xa fora comunicada ás diferentes administracións a mediados do mes de decembro.

Esta medida supón que en ningunha estación do noso concello, se expida ningún billete de tren en persoa, posto que o servizo xa foi anulado por ADIF, na estación de Eidos. Redondela, deixa pois de desenvolver un papel preponderante como nó ferroviario do sur de Galiza. Dita iniciativa de Renfe,

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 33

afecta a ducias de veciños e veciñas atendidos por medio da atención personalizada, prestada por persoal en billeteira.

As alternativas que dende Renfe se apuntaban, cabe cualificalas de “peregrinas”, ou “pouco sensatas”. Expor que a través do servizo de Correos, ou vía internet, se lle pode dar resposta á demanda de compra de billetes, constitúe un desdén a posíbeis usuarios e usuarias.

O desenvolvemento urbanístico e económico de Redondela, historicamente vinculouse co medre das diferentes liñas ferroviarias que atravesan o noso concello. O incesante número de comboios tanto de pasaxeiros e pasaxeiras, como de mercadorías, converteron a estación da Portela, nunha das referentes en Galiza. Os viadutos da segunda metade do século XIX, singularizaron a Vila dos Viadutos.

Nas últimas décadas, con directrices emanadas dende os gobernos do estado, unhas veces do Partido Socialista, e outras do Partido Popular, marcaron directrices, primeiro en Renfe, e máis tarde en ADIF, e Renfe, buscando unicamente criterios economistas. A inicial concepción dun medio de transporte, eficiente, seguro, barato,... foi perdendo peso específico, unicamente para trazados e infraestruturas economicamente rendíbeis.

Toda a liña de deterioro do servizo de transporte de viaxeiros e viaxeiras, vai supoñer que nos vindeiros anos, entren na xestión de estacións, e liñas máis rendíbeis, empresas privadas, que unicamente velarán polos seus intereses económicos. Os fins sociais de mobilidade, achegamento a núcleos rurais, conectividade, eficiencia medioambiental e económica, desaparecen coa imposición deste modelo neoliberal.

Á par que en Redondela esmorecían as paradas e frecuencias de trens, desaparecían servizos, quedando o uso do tren, en favor do uso dos vehículos a motor particulares. Apeadoiros como o de Cesantes e A Farrapada, estación de Chapela, e agora a da Portela, perderon peso específico, e xa unicamente quedan para suba e baixada de pasaxeiros e pasaxeiras.

Nas últimas semanas, numerosas e mesmo contraditorias teñen sido as novas que sobre o futuro inmediato da Estación da Portela, teñen saído aos medios de comunicación. Na actualidade, existe unha especie de “moratoria” ao peche das billeteiras ata o trinta e un de marzo que no caso que nos ocupa, limítase ás mañás, de luns a venres.

Na xuntanza mantida pola alcaldesa, Digna Rivas co responsábel de Renfe, Javier Pérez, non se arrincou ningún compromiso en firme. Malia as boas declaracións de intencións, de aumentar o número de frecuencias de trens, e de paradas dos mesmos, a incerteza creada nestas semanas preocupa a moitos viaxeiros e viaxeiras.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 33

Dende o Bloque Nacionalista Galego, apostamos por un claro cambio de rumbo desta deriva na que tanto Adif, como Renfe, con directrices emanadas dende as direccións políticas do Ministerio de Fomento, teñen abocado ao tren en xeral, e ao de proximidade en particular. Cómpre pois un posicionamento do Pleno da Corporación, para reverter esta situación.

Por todo o anteriormente exposto, solicita a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1. O Pleno da Corporación de Redondela, manifesta o seu total apoio ao mantemento do servizo atención personalizada de billeteira na Estación da Portela- Redondela.

2. Instar a que o goberno municipal, cree unha Mesa do Tren de Proximidade, con representación tanto de todas as forzas políticas, como representacións veciñais, económicas e sociais para elaborar un documento marco na mellora da situación do tren en Redondela.

3. Dar conta de ditos acordos aos responsábeis de Renfe, Adif, Ministerio de Fomento, e demais forzas políticas do Congreso dos deputados e deputadas, excluído Vox, para que fagan un seguimento dos acordos arriba conqueridos."

INTERVENCIÓNS:

O sr. González, despois de coñecer a decisión de retirar as taquillas se acordou presentar esta moción para fixar o posicionamento do pleno. Di que Redondela ten que exercer un protagonismo singular pola importancia e o significado do tren e recuperar a reivindicación sobre o tráfico de mercadorías. Temos dúas estacións, varios apeadeiros, son infraestruturas mediambientalmente respectuosas, reducindo o vehículo particular, RENFE é unha empresa de rendibilidade económica, e está argumentando polo número de clientes. Están preparadas algunhas empresas privadas para xestionar o eixo atlántico polo que se demostra que ten rendibilidade económica.

Lee os acordos.

O sr. Boullosa explica a desaparición da venta personalizada na estación, podendo vender no tren o interventor e por internet, pero non afecta a diminución do persoal. Os membros do equipo de goberno tiveron diversas reunións, a primeira o día 31 de decembro onde se fixeron declaracións a TVG e a Radio Galega correspondentes a esta queixas na propia estación, a segunda con directivos de RENFE, a terceira por directivos de ADIF e a última do Presidente da División de Viaxeiros de RENFE en Madrid.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 33

Acadamos que a prórroga que está ata o 15 de xuño de apoio a venta persoalizada, continúe a venta personalizada por unha persoa desempregada de Redondela. Pode non ser suficiente a moción, xa que está en estudio o aumento das frecuencias dos trens, a modificación dos horarios ou o proxecto de construción do apeadeiro de Chapela. Que non foron estas xuntanzas unha mera declaración de intencións.

O sr. Cabaleiro di que o noso argumentario é similar ao do Sr. Boullosa porque estivo presente en moitas negociacións, coa Alcaldesa. Xa dende finais de ano que se sospeitaba o peche; fixo a Alcaldesa unhas declaracións para defender esta postura contraria ao peche.

Este goberno coa Alcaldesa ao fronte reuniuse con representantes de ADIF, é de xustiza que este Concello se vexa compensado cun servizo de calidade. Nestas reunións con grande acerto e grandes resultados, so tendo en conta aspectos mercantilistas, arrincou compromisos sólidos e falouse do resto de infraestruturas, entrevistouse co director xeral de RENFE, co delgado de RENFE en Galicia, xefe territorial de ADIF, co compromiso de continuar coa billeteira e persoal que asesore nas condicións xa ditas polo sr. Boullosa, con xente de Redondela. Compromisos firmes que xa se ven no túnel da Portela, non se atenderon as demandas polo PP, xa se conseguiu que limparan, desbrozaran, e estamos xa no seguinte punto para restaurar, e xa se solicitou de ADIF o punto exacto de ubicación; compromisos do novo apeadeiro en Chapela e son por escrito.

A sra. Amoedo di que se solicitou información sobre este tema o 7 de xaneiro e aínda non a recibiron.

Teñen moitísimo traballo que facer con ADIF, a ver si son capaces de darlle utilidade ao “champiñón” que puxeran aquí na época de Xaime Rey , veremos o que fan, cando goberna o PSOE en Madrid, Redondela perde. Sairán beneficiados todas as Comunidades autónomas que lle levantaron a man a Pedro Sánchez. Vamos a ver si o BNG consegue que eliminen a peaxe. Igual que o semáforo, dixeron, nun mes temos o semáforo, e seguimos sen o semáforo.

O sr. González expón que segundo lle vaia o conto, está ben negociar co PP ou non está ben. Sigue facendo mofa na estación de Eidos unha infraestrutura que está deteriorada e ao mellor ten futuro a saída sur hacia Portugal.

Si é satisfactoria a negociación con ADIF esperemos que non sexa solo para os medios, porque este persoal é para asesorar, non para a venta directa. A xente se sinte moito más segura cun asesoramento persoal na billeteira. Da mesma maneira que demanda máis paradas de tren, especulan cos locais da estación, hai que presionar para que Redondela recupere un protagonismo que nunca debeu perder.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 33

Confían que o voto do BNG nos orzamentos sexa decisorio en cuestións como o ferrocarril, saneamento, ademais da AP9.

O sr. Boullosa contesta a Sra. Amoedo, se estamos na reunión dous membros teremos que facer o mesmo resume e ademais non vai a perder a oportunidade de debater con ela perdendo a súa quenda de palabra.

O uso dos edificios, para actuacións culturais de Redondela e parroquias e compatible perfectamente coa venda de billeteiras personalizados.

O sr. Cabaleiro explica os compromisos sobre a obra do apeadeiro de Chapela e o recorte da punta do andén de Cesantes. É unha xestión importante e vostede por enésima vez fai un desprezo a esta infraestrutura.

O Sr. Bas tivo que coller o tren en Redondela e veuno pasar. O "champiñón" pódese utilizar para actos culturais é unha falta de respecto total. Vostedes non reclamaron as paradas para Redondela como fixo Vilagarcía. Compromiso para que Redondela teña unhas infraestruturas dignas. Fáltalle o respecto os veciños de Redondela.

A sra. Amoedo di que é un "champiñón" mal feito, fixo que o sr. Xaime Rey puidera vender como estaban desfaceron as parroquias. Desfixeron as parroquias cando gobernaron igual que cando chegue a nova autovía. Onde estaban vostede coas obras do AVE, defendendo as parroquias, cando lles chegou o proxecto para esixir máis paradas de tren. Non loitaron por unha frecuencia decente e despois nos pediron a nós cando xa estaba feito. Como sempre os intereses do partido de Madrid por riba dos intereses de Redondela.

O sr. González di que o PP renunciou a un proxecto de recuperación do val de Maceiras para as obras do AVE e a licitación de obra foi en tempos de Aznar e o PP non fixo nada. O outro día no Congreso dos Deputados, foto de Javier Bas pola estación de Redondela. Para nos é importante que este debate se trouxera ao Pleno da corporación, esperamos que haxa un apoio unánime, e si esto despois sirve para que haxa compromisos reais de que Redondela volva a ter protagonismo, porque os veciños volven a utilizar o tren como un medio de comunicación, sobretodo no tren de proximidade, que pode unir Portugal coa capital e con Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, aprobouse, por maioría dos concelleiros presentes, unanimidade, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 33

Receso ás 22:00 horas. Retomase o Pleno ás 22:26 horas

A voceira o PP, a sra. Amoedo prefire debater primeiro a moción de costas, e así se fai.

**4.2.4 Moción do PP Modificación do Regulamento Xeral de Costas.**

ANTECEDENTES:

Moción do PP, relativa a Modificación do Regulamento Xeral de Costas, con entrada no Concello o día 22.01.2020 con número 2020-E-RE-147 que se transcribe a continuación:

“Nos últimos meses e semanas, crece a preocupación polas informacións sobre a modificación “urxente” do Regulamento Xeral de Costas que o Goberno central está tramitando, en particular no relativo aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre (DPMT).

Os termos da modificación que se están a coñecer están a causar moita inquedanza en diversos sectores empresariais e da cidadanía, xa que xerarían unha grave inseguridade xurídica e porían en perigo a continuidade de empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúan nesta zona.

Resulta extremadamente grave que, como todo parece indicar, esta iniciativa do Goberno central poida ter como obxectivo intentar xustificar decisións tomadas de forma non axustada a dereito e contravindo, entre outras, a normativa de Costas vixente, como o achantamento nos procedementos abertos en relación á prórroga de Ence.

Pero é que os cambios propostos no Regulamento xeral de Costas producirían unha cadea de graves consecuencias xurídicas e económicas que poderían poñer en perigo a continuidade de empresas que operan en toda Galicia e no noso termo municipal , como conserveiras,cetáreas, industrias e establecementos de distintos sectores e mesmo equipamentos públicos, polo que está a provocar unha comprensible inquedanza en ámbitos empresariais, laborais e en toda a cidadanía.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 33

As modificacións propostas poderían poñer en risco non só centos de postos de traballo en Galicia e millóns de euros de facturación, senón que a inseguridade xurída que provocan estas manobras causan unha reticencia a investir e a xerar actividade económica adicional moi prexudicial para tod@s.

Esta decisión tamén afecta a grandes industrias que operan na nosa comunidade, e que compren estritamente as esixencias medioambientais, a establecementos cuxa actividade principal sitúase fóra do DPMT pero teñen tubaxes ou instalacións auxiliares dentro da franxa afectada e obxecto de concesión, e nomeadamente pon en perigo equipamentos e servizos públicos situados a día de hoxe en zona de DPMT ou que someten a súa actividade a ela, o que podería complicar sobremaneira a súa prestación, facéndoos inasumibles para as administracións.

O procedemento seguido polo goberno central para intentar levar a cabo esta modificación, ademais de xuridicamente preocupante, non é nin transparente, nin leal nin participativo, xa que non se está a clarificar con precisión a quen, e como afectaría, o que aumenta as dúbidas e a inseguridade xurídica, económica e laboral. Ademais, o carácter pretendidamente “urxente” desta modificación –co fin de dar cobertura a feitos consumados legalmente problemáticos- provocou que non se contase coas CCAA nin con entidades con intereses lexítimos, que se contraviñesen normas con rango de lei, e que non se proporcionasen prazos axeitados para alegar a administracións, afectados e interesados.

En definitiva, conscientes da preocupación de traballador@s, administracións, empresari@s, usuari@s e cidadáns pedimos a retirada do proxecto de modificación do Regulamento Xeral de Costas impulsado polo goberno central e solicitamos o apoio de toda a corporación para garantir a seguridade xurídica, a actividade económica e o emprego no noso concello.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Redondela insta ao Pleno da Corporación á aprobación dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** – Instar ao goberno do Estado a dar traslado á Xunta e a este Concello dun informe exhaustivo de todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do regulamento de Costas no termo municipal de Redondela.

**SEGUNDO** .- Instar ao goberno do Estado a retirar a actual redacción da modificación do regulamento xeral de Costas por contravir a Lei de Costas que lle dá cobertura.

**TERCEIRO** .- Instar ao goberno do Estado a garantir que calquera eventual modificación do Regulamento Xeral de Costas se fará consonte á Lei de Costas de 2013 e seguindo os trámites axeitados, en particular, achegando completa información ás administracións interesadas e aos sectores afectados e

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 33

proporcionando a afectados, interesados e a toda a cidadanía un prazo axustado para facer as alegacións oportunas.”

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo lee a moción.

O Goberno iniciou a tramitación de esta modificación sen contar coas Comunidades Autónomas e contravindo unha norma con rango de lei, soamente para xustificar o tema da concesión de ENCE xerando una enorme inseguridade xurídica, xa que os interesados están a expensas da regulación respecto as súas actividades. Pola porta de atrás e pola vía de urxencia, e dando a Xunta 7 días para alegar e a información publica rebaixando a 10 días naturais, que afecta a tantos postos de traballo en Galicia con mais de 2.500 km de costa.

O sr. González, di que a importancia será a mesma na Xunta de Voceiros, non lles importa o cambio pero pide respecto ao acordado na Xunta de Voceiros.

O sector industrial ten un desenvolvemento menor, o mar e os postos de traballo crearon riqueza, hai que ter especial sensibilidade na protección da costa, hai que tomar medidas nas rías. Prioriza o PP a permanencia das industrias que a maior parte delas non teñen que ver coa actividade marítima. Os países avanzados tentan ter as industrias concentradas en polígonos industriais.

Pretende o PP que se sigan instalando industrias na beiramar. Que a cuestión debe ser reubicar as industrias en polígonos. A quen se pretende beneficiar, a ENCE. Ten hipotecada gran parte do monte galego, leva décadas na ría. Moitos membros do consello de administración de ENCE foron exministros do PP e o PSOE, cando se crearían moitisimos postos de traballos relacionados co mar.

O sr. Villar di que lle quere dar importancia a esta moción para levar algo para Javier Bas. Se estará traballando no parlamento, supoñemos que é asi. Pídelle que a retire. Se vostede trouxera unha lei para sacar a Aucosa, nos tiña a AER. Podemos seguir con este modelo destrutivo,…Esta moción ven de Madrid, esperemos que veñan cousas boas en aquel escano, en aquel galiñeiro. A moción non ten sentido, ata os puntos se poden contradicir. Son as típicas dos partidos políticos tradicionais. Pregunta se hai escritos da Xunta no Congreso? Para denunciar a Aucosa? Vostede non leu este regulamento, lle deron o traballo feito.

A sra. Castro, di que se ve que estamos en campaña electoral, presentamos unha moción populista e convertemos o pleno nun teatro.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 33

Aínda non se aprobou esta modificación, as concesións en perigo serían 31 en España, dúas en Pontevedra e unha na Coruña, que desenrolen actividade que non necesitan estar ao lado do mar para o seu funcionamento.

A sra. Amoedo di ao Sr. Villar que si necesitaba lle ensinaría a regulación da modificación do regulamento; pídelle respecto, dicir que está nun galiñeiro, onde se cree vostede que está?. Polo menos dende que está o sr Bas en Madrid nos enteramos das cuestións que afectan a Redondela. A Sra. Castro, lle di que é unha chapuza feito pola porta de atrás. Non estamos falando solo de ENCE, hai mais actividades, cetáreas, conserveiras... é moi importante para Galicia e polo tanto para Redondela. Lle parece ben que se faga pola porta de atrás reducindo os prazos, qué presa ten este goberno que o goberno de negociar. Saben perfectamente que o fixeron mal. Cal é o medo que teñen, apoien a moción. Lle di ao Sr. Villar que lea sobre o tema, que ten mais horas de dedicación. Había un regulamento e con el se pediron as inversións e agora que facemos, as pechamos?

O sr. González di que é unha irresponsabilidade do PP e o goberno da Xunta poñan problemas para que haxa unha reubicación das industrias na beiramar e se poñan nunha zona industrial. Por qué Javier Bas convocou aos veciños para comunicarlle a ampliación de Aucosa, porque cree neste modelo.

Non se pode apoiar esta moción porque o PP está acabando con postos de traballo con actividade directamente vinculada co mar e co turismo, pero para iso debemos ter boa calidade das augas.

O sr. Villar di que non lle falta ao respecto a ninguén pero que é se expresa asi porque son distintos, son do perroflautismo, o cabalo de Troia. Fala de galiñeiro, as galiñas cacarean porque están ben alimentadas...

O mar e a nosa vida e o estamos escarallado, hai que regular esta situación.

A sra. Castro expón que estas industrias que non teñen que estar necesariamente no mar non estean, buscan os problemas cando aínda non chegaron, deixe que se regule que se publique o regulamento.

A sra. Amoedo di que cando se está nun período de alegacións e cando se teñen que manifestar as administracións, non poden vostedes apoiar mocións que vaian en contra do partido en Madrid. O cabalo de Troia, que non está a facer ningún cambio de regulamento de medio ambiente, non convocou ningunha comisión de medio ambiente, en sete meses. Aucosa ten unha licencia de actividade, vostedes os queren botar, bóteos e indemnicen, ¿teñen vostedes cartos no orzamento?. Falan moito e non fan nada. Non se pode gobernar baixo o criterio electoral, como o sr. Sánchez, modificando o regulamento a golpe de decreto e pola vía de urxencia. Que poñan cartos sobre a mesa para estas empresas que inverteron en función das concesións.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 33

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, rexeitase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 09 votos a favor do PP e 12 votos en contra (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

**4.2.5 Moción do PP relativa a Inclusión dos Concellos da provincia no Pontegal.**

ANTECEDENTES:

Moción do PP, Moción do PP relativa a Inclusión dos Concellos da provincia no Pontegal, con entrada no Concello o día 23.01.2020 con número 2020-E-RE-160 que se transcribe a continuación:

"A Deputación de Pontevedra, a través do Plan Cultural primeiro, e con cargo ao Pontegal, veu o longo dos anos impulsando e fomentando a cultura popular en múltiples e variadas expresións artísticas, e facilitou a contratación e retribución de grupos e artistas da provincia, que viron neste programa unha oportunidade para dar a coñecer o seu traballo.

Bandas de música, corais, grupos folclóricos e de gaitas, grupacións

de música tradicional ou clásica e compañías de teatro ou danza, entre outros, incluíronse nas programacións culturais e festivas de concellos e entidades sen ánimo de lucro ao longo destes anos.

Pero unha vez pasados os procesos electorais, xa nos atopamos cos primeiros recortes, nas bases de solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa Pontegal 2020, publicadas no BOP do día 13 de decembro de 2019, xa que exclúen por primeira vez aos CONCELLOS como entidades destinatarias, a pesar de que son os principais organizadores de actos culturais nesta provincia. Tamén limitan o número de peticións, non podendo a mesma entidade solicitar máis dunha petición no mesmo mes e 6 en todo o ano.

A convocatoria de 2020 está destinada exclusivamente a agrupacións e asociacións sen fins de lucro, eliminando tamén os Centros Educativos e ANPAS ademáis de os Concellos. Unha decisión que, desde o grupo municipal do PP entendemos que supón que os grupos e os artistas da provincia perdan unha

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 33

oportunidade importante, xa que non debemos de esquecer que unha gran parte das festas e programacións culturais que se desenvolven en Redondela están organizadas polos propios concellos. Pero ao mesmo tempo, tamén supón un hándicap importante para os concellos xa que non só este goberno da Diputación vén recortado o Plan Concellos para este ano en 1,2 millóns de euros, senón que a partir de agora todas as actuacións que programen deberanse facer ou ben con cargo a unha das liñas do Plan Concellos ou ben con fondos municipais, polo que, unha vez máis, desde o Goberno Provincial continúase recortando fondos para os concellos, perxudicando principalmente aos que teñen menos recursos, que son os pequenos e medianos concellos da provincia.

Ademais, entendemos que a exclusión dos concellos do Pontegal non se pode xustificar con novo programa Musigal, xa que o tipo de actuacións e o caché que se ofertan son moi diferentes. No Musigal non se inclúen todas esas agrupacións e artistas locais da provincia de Pontevedra que si se recollen no catálogo do Pontegal e que, ao final, son unha parte importante da programación cultural e festiva dos nosos concellos ao longo do ano.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

1. Instar a Deputación de Pontevedra a que modifique as bases do Pontegal 2020 para volver a incluír aos concellos da provincia.

INTERVENCIÓNS:

A sra. Amoedo expón a moción, e di que houbo un cambio de criterio da deputación tras as eleccións, botando fora do programa aos concellos e prexudican aos grupos porque lle reducen o número de actuacións. Son a maioría xente non profesional que contan cun número de actuacións para poder continuar a súa actividade. Este ano vemos os recortes da deputación de Carmela Silva, so poden facer 12 actuacións ao ano, tamén as asociacións culturais e as comisións de festas.

O sr. González di a Sra. Amoedo se vai levar esta moción ao pleno da deputación de maña. Vostedes pretenden organizar a autonomía da Deputación. Quen está facendo deixazón de funcións é a Xunta de Galicia que é a que tiña que promover estas actividades culturais, a cultura de base.

Hai unha parte da moción, na que falan os centros educativos e anpas e despois non reivindican para eles. O partido popular non asumiu que perdeu a Deputación. Queren denunciar o uso torticeiro que fai o PP de Redondela das institucións. Anuncian as axudas as comunidades de augas, asociacións de

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 33

veciños e utilizan para uso partidista convidando solo a concelleiros do seu partido para a xornada formativa sobre estas subvencións.

O sr. Boullosa pregunta si non hai mais imaxinación para presentar mocións. O pobo de Redondela ten fama dunha oferta cultural ampla e durante todo o ano, moita vai da man das numerosas asociacións rexistradas no municipio. Non sempre son programadas polo Concello, a finalidade destes eventos e achegarse a maior parte do público posible, e difundir así o noso patrimonio cultural. Polo tanto se os orzamentos dos que dispón a Deputación de Pontevedra se canalizan a través das asociacións e colectivos que activamente programan eventos e chegan ao mesmo público, non entendo a queixa que se nos plantexa, pois non podemos falar exactamente de un recorte, solo estamos a falar de un cambio de modelo de xestión.

E curioso que o PP de Redondela, reclame a importancia do modelo anterior do Pontegal cando, se extrapolamos o número de solicitudes feitas polo Concello de Redondela co PP no goberno, nos anos 2018 e 2019 soamente unha soa solicitude en 18 meses do concello, para unha actuación no mes de novembro nunha parroquia e explique por qué o seu goberno non utilizou Pontegal. Dende que están no goberno solicitaron 3 actuacións en 6 meses, que axudaron a paliar a situación do orzamento de cultura, xa que o PP liquidou o 82% do orzamento para a programación cultural de todo o ano, en oito meses.

A sra. García, unha vez mais estamos ante unha moción oportunista do PP que cumpre ordes dende a Xunta de Galicia cara as vindeiras eleccións autonómicas.

Tódolos concellos recibiron a orde de presentar esta moción nos correspondentes plenos e vostedes como cordeiriños ala van. O que pasa e que chama moito a atención que agora defendan o Pontegal a capa e espada cando no último ano e medio do voso goberno tan so utilizaron o Pontegal nunha ocasión, e vostede señora Amoedo era concelleira, que pasa que agora ten que xustificar o seu posto na oposición da Deputación de Pontevedra? Explícolle acaba de ler: que os principais organizadores de actos culturais nesta provincia son os Concellos e vostedes nestes últimos catro anos pouco o usaron, porque? Dígollo eu, porque e mellor que traballen as asociacións e agora cambian o discurso.

Eu explícolle por si non o sabe como funciona Pontegal, cando chegou a presidente Carmela Silva a Deputación de Pontevedra o primeiro que fixo foi regular o programa Cultura que existía na época de Louzán e convertiuno nun instrumento no que as asociacións desta provincia dispoñen dun mecanismo para realizar actividades ligadas a cultura tradicional, como son as bandas de música, os grupos de baile, o teatro, iso si sen trampa nin cartón coa obxectividade e a transparencia non como na época de Louzán onde se

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 33

saltaban as bases e se lle adxudicaban as actuacións aos concellos gobernados polo PP e discriminabanse aos concellos gobernados por outras cores políticas.

Os datos remítome. Bueu, Caldas, Catoira, Fornelos, A Guarda, Poio, Silleda e Vilaboa eran concellos nos que non chegaban o Cultural que casualidade que foran todos gobernados por cores distintas as do PP e pola contra os catro concellos mais beneficiados foran Cangas, Vilanova de Arousa, Valga e Ribadumia onde si gobernaba o PP. Nono como se fai agora, e póñolle un exemplo moi claro cando gobernaban ustedes o ano pasado recibiron unha subvención dende a Deputación de Pontevedra para o acto de Rosalía de Castro sen ter en conta quen gobernaba mostrando a equidade e a igualdade coa que goberna o partido socialista.

Dende a Deputación estase a traballar para que se cumpla o verdadeiro obxectivo polo que se creou o Pontegal que por suposto non é financiar os concellos que para iso xa está o plan Concello e a Liña 2, os obxectivos como veñen nas bases e apoiar a cultura tradicional galega de toda a provincia e por suposto outro obxectivo, e o mais importante axudar as asociacións, si as asociacións, e so as asociacións para que podan ter unha financiación transparente, obxectiva e legal para realización das actividades.

Outro dato señores do PP teño que dicirlles que nestes catro anos de goberno do PSOE na Deputación de Pontevedra os artistas tiveron a posibilidade de percorrer a provincia levando e dando a coñecer o seu traballo e así o seguirán a facer aínda que os concellos non poidan utilizar o Pontegal. Outra mentira na súa moción cando falan das anpas xa que é nula a utilización das mesmas no Pontegal e cando escriben: entendemos que supón que os grupos e os artistas da provincia perden unha gran oportunidade importante, xa que non debemos esquecer que unha gran parte das festas e a programación cultural que se desenvolve en Redondela está organizadas polo Concello. Volvo a recordarlle que tan so nunha ocasión fixeron uso do Pontegal no último ano e medio. E outra mentira cando aproveitan para voltar a dicir qu co plan concellos perdeu 1,2 millóns de euros cando de todos e sabido que esa diferencia foi motivada para facer frente os incendios, como sempre seguen a mentir xa que este ano hai máis cartos.

A sra. Amoedo, manifesta que falan do último ano e medio onde vostedes levan sete meses, vaia mais para atrás a ver cantas hai. Cando un é sectario conta as cousas a medias. Mire as de normalización lingüística tamén están incluídas. 1.200.000 euros menos no Plan Concellos, por non haber período electoral recortaron. Vostede sr. González fai de voceiro do goberno da Deputación, cando o que se ven defender aquí é os colectivos que mantiñan a súa actividade cultural polo Pontegal. Este goberno de esquerdas usa a súa maioría absoluta para impoñer. A Deputación recortou as axudas para as comunidades de augas. Esas bases prexudican a este concello e aos colectivos culturais.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 33

O sr. González nunca pretendeu ser voceiro do PSOE, o respecto que se lle debe aos concelleiros co voto dos veciños, non fai ningún papel de voceiro dun grupo da oposición. Foi o PP as axudas as comunidades de augas que foron eliminadas polo Concello. A área de cultura foi utilizada politicamente por Javier Bas, con catro concelleiros en oito anos.

Cada entidade ten autonomía para establecer as súas bases. A Xunta de Galicia non fai nada pola cultura base. A área de Cultura, tivo un cambio espectacular na Deputación, dende que o BNG asumiu esas áreas.

O sr. Boullosa as zonas máis altas dos teatros chámase galiñeiro, non é ningunha falta de respecto. A cultura de Redondela é o teatro; que está recibindo moitas felicitacións, pero como o teatro é a escuras, e como non nos miran, os do PP non van. A onde se locen ben si que van, as festas gastronómicas, festas parroquiais, a comer o polbo o día de Reis. Non vamos a apoiar esta moción. Aínda que o goberno do PP non sacara proveito deste programa como amosan os datos, esta vía de financiamento era moi útil para os concellos, permitindo financiar unha porcentaxe variable de cada actuación. A Agrupación de Electores de Redondela entende que si este novo modelo plantexado pola Deputación repercute nun maior orzamento para as distintas asociacións culturais o nivel e número de actividades dinamizadoras da nosa cultura non se verá afectado negativamente. Senón que se verá reflectido nunha maior diversidade e difusión da cultura de base de nace do movemento asociativo. Asemade estaremos atentos a que este novo modelo non repercuta negativamente no modelo cultural.

A sra. García chama moito atención que defendan o Pontegal cando nos oito anos que estiveron gobernando pouco o utilizaban, agora Redondela esta a volver a ser un referente cultural, recibindo felicitacións. Non hai ningún grupo vetado nin de Redondela nin de fora. Que defende a Redondela e se demostra o que estamos facendo polas felicitacións que reciben.

A sra. Amoedo contesta ao sr. Gonzalez, si non ten sentido o Pontegal por que non o eliminaron. Quen puxo o broche de ouro a cultura en Redondela foi Teresa París, e se os concelleiros van ascendendo pois hai que cambialos.

Quen aumentou o orzamento para festivais, como Millo Verde, foi o Partido Popular. Os grupos folclóricos podían facer 70 actuacións agora 12, os grupos de teatro, antes 40 actuacións agora 12.

AER son unha prolongación do PSOE a sra. Rivas lles prohibiu apoiar esta moción.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 33

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, rexeitase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 09 votos a favor do PP e 12 votos en contra (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

**4 . 3 Rogos e preguntas.**

ROGOS:

**Rogos formulados polo GPM PP relativa á constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional na loita contra a Violencia de Xénero (Rex. Entrada 29.01.2020, 2020-E-RPLN-3).**

“Entendendo que os Concellos teñen entre as súas funcións levar acabo actuacións e servicios dirixidos as mulleres para fomentar o principio de igualdade e desenvolver accións e programas para a prevención e a eliminación da violencia machista.

A Lei galega 11/2007 do 27 de xullo recoñece o ámbito muncipal, pola súa proximidade a cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación.

É responsabilidade dos poderes públicos loitar pola prevención e erradicación da violencia de xénero, co deber de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección para as mulleres que a padecen, buscando medios eficaces e adaptados. a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadáns nun estado democrático. Por iso, é fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero.

Sabendo que o noso Concello dispón dunha mesa de seguimento de Violencia de Xénero, entendemos que se pode mellorar constituindo a Mesa Local de Coordinación Interistitucional, xa que ten como obxectivo a coordinación Local é a promoción, no ámbito municipal, de políticas e accións para a erradicación da violencia de xénero.

Por todo isto lles ROGAMOS que poñan en marcha a constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional coma instrumento operativo representativo de todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente na loita contra a Violencia de xénero.”

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 33

INTERVENCIÓNS:

A sra. Bastos Miguez, fai lectura do rogo.

**Rogos formulados polo GPM PP relativa ao alumeado do Viaduto de Madrid e alumeado de Nadal nas parroquias (Rex. Entrada 29.01.2020, 2020-E-RPLN-3).**

“O Viaducto de Madrid é un emblema de Redondela, un fermoso monumento da nosa Vila, que leva a lo menos 6 meses con varios focos fundidos, o que impide que pola noite poida lucir como lle corresponde, dando unha imaxe de deixadez e pouco coidado dos elementos patrimoniais que nos identifican.

Parécenos incomprensible o abandono que por parte deste goberno teñen as averías eléctricas en todo o termo municipal, a pesar da privatización máis que evidente que están a facer do servizo de mantemento eléctrico responsabilidade de AER. Pero máis incomprensible é que anuncien vostedes na prensa que “Por motivos de eficiencia o alumeado de Nadal se apagará unha hora antes”, algo que como intención é boa, pero claro, se resulta, que a día de hoxe ainda seguen tendo arcos de nadal encendidos pola noite nas distintas Parroquias, do que estamos a falar é de derroche enerxético.

Por todo isto lles ROGAMOS que arranxen os focos do Viaducto de xeito urxente, que anulen os arcos do Nadal que están conectados as farolas e que sexan máis dilixentes ahora de resolver os problemas de alumeado nas Parroquias.”

A sra. Amoedo, fai lectura do rogo.

**Rogos formulados polo GPM PP relativa a colocación do semáforo na N552 á altura do Colexio de Angorén (Rex. Entrada 29.01.2020, 2020-E-RPLN-3).**

“En Septembro de 2019, a Alcadesa se comprometía coa Anpa e os veciños de Angoren a aumentar as medidas de Seguridade Vial na zona do colexio Alexandre Bóveda.

Dende a Alcaldía, comunicouse que se iniciarían os traballos para a instalación de un semáforo na N-552, a altura do Colexio Angoren esa mesma semana. Falamos do mes de setembro e estamos a rematar xaneiro 4 meses despois non

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 33

temos rastro do famoso semáforo que motivou o photocall da Alcaldesa ca enemiga número 1 de Redondela a Subdelegada do Goberno Maica Larriba, e o Xefe territorial de Fomento para Galicia.

Por todo isto lles ROGAMOS, que faga as xestións oportunas para que ese semáforo quede colocado canto antes, para resolver así a demanda feita polos veciñ@s."

A sra. Amoedo, fai lectura do rogo.

A sra Alcaldesa, non lle parece ben porque o PP non fixo ningunha mesa en cinco anos por parte da Xunta de Galicia. Di que se solucionaron problemas moi graves fai un mes sen facer publicidade. Pide que non xoguen co tema das vítimas da violencia de xénero no pleno.

E sendo as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

Cod. Validación: 542FPRQGEPCYMN3Y3Q4KRG6P7 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 33